



## ANEXO III. GUÍA BASE DO PROCESO PARA A FAMILIA



### Pasos do proceso de identificación de necesidades

01

#### Detección inicial de necesidades

O profesorado tutor é o primeiro en detectar as dificultades ou necesidades do alumnado.

En colaboración co Departamento de Orientación e co equipo docente aplicarán medidas ordinarias e recollerán a súa aplicación e resultados.



02

#### Reunión inicial

Unha vez aplicadas as medidas ordinarias, e vendo que as dificultades persisten, o profesorado tutor solicita unha avaliación psicopedagóxica ao Departamento de Orientación. Antes desa avaliación realízase unha reunión coa familia para informala do proceso e tamén para que esta entregue documentación (informes médicos, certificados etc) que poida ser útil nesta valoración.



03

#### Avaliación psicopedagóxica

Neste punto, realízase unha avaliación psicopedagóxica por parte do Departamento de Orientación, onde se recollerá información do/a alumno/a, do contexto escolar e do contexto sociofamiliar para determinar que medida ou medidas serán as máis apropiadas para atender as súas características.

As conclusións desta avaliación recóllense nun **Informe Psicopedagógico, do cal as familias poden solicitar unha copia.**



04

#### Reunión posterior á avaliación

Nesta reunión presentaranse os resultados da avaliación psicopedagóxica á familia e determinaranse as medidas máis apropiadas para atender ás características do/a alumno/a.



05

#### Intervención e seguimento das medidas

Finalmente aplícanse as medidas recollidas no informe psicopedagógico, realizándose con coordinación entre os profesionais implicados e coas familias a través da persoa titora. Levarase a cabo un seguimento trimestral das medidas e dos progresos acadados.

